

Nos próximos meses, a Fundación Secretariado Xitano e o Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago, desenvolverán o programa **Culturas para compartir: Xitanos hoxe**.

Trátase de xerar accións para a comunidade educativa, con especial atención ao profesorado e alumnado, nun clima de respecto e aceptación da diversidade, traballando sobre a interculturalidade, con especial atención á cultura xitana.

### **Obxectivos das actividades**

Xerar accións para a comunidade educativa, con especial atención ao profesorado e alumnado, nun clima de respecto e aceptación da diversidade, traballando sobre a interculturalidade presente nas aulas, con especial atención da cultura xitana.

### **Destinatarios**

Ao alumnado e profesorado, dos centros educativos de ensino de primaria e secundaria, que desexen acollerse a unha experiencia de asesoramento, formación e participación en accións relacionadas coa diversidade cultural.

O programa desenvolve dúas áreas de traballo:

#### 1.- Exposición.

- ✍ Destinatarios: Alumnado e profesorado dos centros educativos de ensino primario e secundario.
- ✍ Datas e lugares: En horario de mañá.  
Do 6 ao 20 de marzo no IES Antón Fraguas.  
Do 22 de marzo ao 5 de abril no IES Rosalía de Castro.
- ✍ Contidos.
  - Visita guiada á exposición: 56 paneis explicativos acompañados de fotografías que conforman un interesante percorrido histórico, cultural e da situación actual do colectivo xitano, asesoradas por unha profesional da Fundación Secretariado Xitano que acompañará aos grupos visitantes. Exporase unha pequena mostra sobre obxectos propios da súa cultura.
  - Rincóns lúdicos: estes espazos contan con xogos físicos e interactivos co fin de facilitar un achegamento directo dos visitantes a claves culturais característicos da comunidade xitana (lingua, costumes, valores...)
  - Rincón do contacontos: para rematar a visita, ofrécese un último espazo onde se relatará un pequeno conto para poñer fin ao percorrido ao longo da cultura xitana.

#### 2.- Formación do profesorado.

- ✍ Lugar e datas: No Auditorio de Galicia os días 27, 28, 29 de marzo de 18 a 20 horas.
- ✍ Sesións formativas para o profesorado:
  - Sesión 1 : A integración socioeducativa das minorías étnicas na escola. Menores en desvantaxe social: as súas implicacións na escola.
  - Sesión 2: Estratexias de intervención con alumnado xitano: experiencias e boas prácticas.
  - Sesión 3: Información e coñecemento dos materiais didácticos existentes para traballar con alumnado xitano e minorías en xeneral.

**Para máis información:**

Departamento de Educación e Mocidade  
do Concello de Santiago de Compostela  
Rúa do Vilar 13, 1º.

Tel.: 981554400/01

Fax: 981571511

E-mail. [dptoeducacion@aytocompostela.es](mailto:dptoeducacion@aytocompostela.es)